

Aquela primeira Europa

Doce séculos da morte de Carlos Magno

JOAQUIM VENTURA

A distancia cronolóxica que marcan os mil douscentos anos da morte de Carlos Magno pode esvaer na visión de calquera espectador do común o fenómeno que supuxo o seu imperio. Entre outras razóns, porque a historiografía hispánica –conservadora ou plural e alternativa– non contén no seu ADN a semente da súa pegada. A construción histórica das diversas terras que ao longo de séculos conformaron as coroas de Castela-León e Portugal sempre tivo –por estritas reaccións xeográficas– o vector norte-sur.

Por contra, os reinos e condados que formaron o conglomerado catalano-aragonés non colleron a bandeira da expansión meridional ata que a cruzada contra os cátaros amputou a unidade territorial que formaba a casa de Barcelona cos condados e cidades occitanos, herdeiros en parte da Marca Hispánica que, tras a derrota musulmá de Poitiers, estableceu Carlos Magno nos Pirineos e que callou a maneira de tapón no lado oriental despois da conquista de Barcelona en 801.

Temos que acudir, en consecuencia, a vindicación franco-xermánica da figura do emperador, a memoria do cal se conserva nesa cidade axial que é Aquisgrán (Achen para os alemáns, Aix-la-Chapelle para os francófonos). E estes doce séculos transcorridos desde a súa morte foron aproveitados por Francia para facer unha espléndida exposición do seu legado, *Europa antes de Europa: os carolinxios*, no mosteiro picardo de Saint-Requier que rematou a finais de setembro.

Nesta exposición puxeron o seu esforzo a Sorbona e a Biblioteca Nacional francesa co concurso de ata corenta museos europeos, entre eles o cordobés PRASA de Torrecampo que prestou tres pezas visigóticas e un dinar indicional

de ouro acuñado nos primeiros anos da conquista musulmá con lenda en latín. Tamén cómpre salientar a presenza do Liber de lau-

dibus Sanctae Crucis, do abade de Fulda Rabano Mauro, conservado na Biblioteca Nacional de Austria, o primeiro documento



Moeda co gravado de Carlos Magno.



Imaxe do *Libro de Laudibus* (século IX).



Cartel da exposición *Europa antes de Europa*.



Mosaico representando a coroación de Carlos Magno(800).

conservado de palabras cruzadas. Sen esquecer o recente achado da sepultura de Nitardo, o neto de Carlos Magno que escribiu en pergamiño as primeiras palabras nun incipiente francés, un frâncico de berce xermánico xa fortemente latinizado.

Ademais de primeiro pai da patria para franceses e alemáns, Carlos Magno acadou xa en vida unha dimensión mítica e así está na xénese da primeira época medieval, o Cantar de Roldán. Esta composición primixenia alterou o que foi a súa derrota en Roncesvalles a mans dos vascóns despois de atender a solicitude de axuda dos gobernantes musulmáns de Pamplona e Zaragoza, que se sentían desprotexidos polo emirato de Córdoba, nunha loanza ao margrave da Marca de Bretaña, quen sacrificou a súa vida en defensa do emperador.

O emperador acadou xa en vida unha dimensión mítica

Carlos Magno recuperou o esplendor da Roma imperial e cristiá. Iniciador da liñaxe que sucedeu á monarquía merovingia (a que ocupou o poder á caída do imperio romano na Galia) e coa incorporación ao cristianismo dos saxóns, estableceu a maneira de restauración o Sacro Imperio Romano Xermánico que pasou a dominar a Europa central, incluído o norte da península Itálica, o cal tamén lle dá a dimensión de primeiro fundador da unidade europea.

Na mesma liña e aconsellado por Alcuino de York, protexeu ao papa León III da revolta dos romanos, o que lle supuxo obter a condición de interlocutor preferente da Igrexa. Esta alianza

foi a base do chamado renacemento carolinxio, elemento fundamental do cal foi o citado Alcuino, especialmente como pedagogo e ideólogo da reforma. Así, a renovación da vida monástica, do emprego do latín clásico –fronte á deturpación vulgar– ou o impulso á Escola Palatina, co ensino do trivium e mais o quadrivium, estableceron as bases da influencia cristiá nas novas sociedades europeas.

Malia a vontade dos nacionalismos catalán e galego de tirar de riba calquera connotación hispánica (aquilo da Afroiberia de raiceira unamoniá que proclamaba Risco e a carolinxite do pujolismo), o certo é que hai unha España carolinxia e outra que non o é. Nótase na tradición de certas festas, como o luns de Pascua Florida ou San Estevo, presentes nas terras da vella coroa aragonesa ou no País Vasco.

Tamén houbo unha actitude refractaria en terras galegas, leonesas e castelás por

manter o rito mozárabe ou visigótico no século XI cando Roma impuxo a liturxia reformada en tempos de Carlos Magno. Unha división que tamén influíu nos cantos relixio-

Entre nós

sos ata a chegada do gregoriano coa reforma monacal impulsada por Cluny.

Outra reforma que acadou a condición de estándar foi a da caligrafía, concretamente

a minúscula carolinxia, con letras claras, espazos pautados e capitais ben deseñadas para asegurar a lexibilidade do latín. Porén, ata o século XII en Galiza, Asturias e León usouse a caligrafía visigótica. En paralelo a isto, a datación diplomática de Castela e León conservou a datación da chamada “era hispánica” –en contra da datación por Cristo– ata ben entrado o século XIV, mentres que nos condados cataláns desapareceu en 1180 e no resto da coroa aragonesa co reinado de Xaime I.